




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



1

Achégolle copia da Resolución Rectoral que reconece a posibilidade de uso dos diferentes servizos da Universidade por parte dos alumnos da Escola Superior de Hostelería de Galicia, co rogo de que o poña en coñecemento dos responsables dos servizos que dependen dese Vicerrectorado.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 1997

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

Excmo. Sr. Vicerrector de  
Ordenación Académica e Titulacións



A Universidade de Santiago de Compostela e a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (TURGALICIA) asinaron un convenio para a vinculación do Centro Superior de Hostelería de Galicia á Universidade.

O artigo 9 do devandito Convenio contempla a posibilidade de que os alumnos do Centro Superior de Hostelería de Galicia disfruten dos servizos de uso xeral da Universidade no mesmo réxime que os estudantes desta. Sen embargo, hai certos servizos que pola súa especificidade, non poden ser ofertados ó alumnado do Centro Superior de Hostelería de Galicia.

En consecuencia, este Rectorado resolve:

1º. Reconocer ó alumnado do Centro Superior de Hostelería de Galicia, vinculado á Universidade de Santiago de Compostela, a posibilidade do uso dos servizos que presta a Universidade, nas mesmas condicións que ó seu propio alumnado, agás os servizos do Sistema de Residencias Integrado (SRI) e da Escola Infantil Breogán.

2º. A Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Superior de Hostelería de Galicia expedirán ó alumnado do Centro unha tarxeta específica de identificación que será hábil para ó acceso ós servizos da Universidade.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 1997

O RECTOR

F. Darío Villanueva Prieto